

Sobre certas alteracións do vocalismo tónico en galego e mais en portugués. Consideracións acerca da posible influencia metafonética exercida por /-e/ átono final de palabra.

Ramón Mariño Paz
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN.

1.1. En distintas áreas de diferente extensión en xeral situadas no sur de Galicia documéntanse na actualidade diversos fenómenos de alteración que afectan ás vocais tónicas /é/, /él/ e /ó/. Efectivamente: en diversas falas meridionais, cando algunha destas tres vocais mencionadas vai en certas palabras rematadas en /-e/ na sílaba átona final (ou nalgún outro contexto) experimenta un pechamento de un grao, de tal maneira que /é/ pasa a /él/, /él/ pasa a /í/ e /ó/ pasa a /ú/. Ademais, deixando para máis adiante maiores precisións, convén sinalarmos xa que na fala da localidade surpontevedresa de Goián sucede que a súa característica ditongación do /él/ (< lat. Ē, AE) se resolve en /iél/ se aparece /-e/ na sílaba átona final, pero desemboca en /iá/ se a palabra en cuestión remata en /-a/ ou /-o/¹. En definitiva, estou a referirme a formas tales coma *fixêse(s)* por *fixèse(s)*², *nêve(s)* por *nève(s)*, *mullêres* por *mullères*, etc.; *bi-be* por *bêbe*, *turce* por *tôrce*, etc.; *iste(s)* por *êste(s)*; *huxe* por *hôxe*; *nume* por *nôme*; e, na fa-

¹ Recórdese que en romanés, lingua que presenta unha ditongación de carácter metafónico, Ē ditonga en *ie* a non ser que a vocal final sexa *-a*, pois neste caso o resultado da ditongación é *ia* (PĒTRA > *piatra*, PĒTRAE > *pietre*). Por outra banda, E ditonga en *ea* se a voz remata en *-a* ou *-e* (DIRECTA > *dreapta*), pero non o fai nos restantes casos (DIRECTU > *drept*). Así, pois, na área romanese, coma na galega de Goián, *-a* (e *-e*) parecen determina-lo resultado final da ditongación.

² Cando non faga transcricións fonéticas ou fonolóxicas utilizarei *ê* e *ô* co valor de /e/ e /o/ e *è* e *ò* co valor de /e/ e /o/. Os datos de dialectoloxía galega que se citan neste artigo están tirados do Arquivo Dialectolóxico do Instituto da Lingua Galega e mais das seguintes obras: X. H. Costas [González], "As alteracións do /e/"; F. Fernández Rei, *Dialectoloxía*; M. Fernández Rodríguez, "El habla de Goyán"; Instituto da Lingua Galega, *Atlas Lingüístico Galego*; H. Pousa Ortega, *A fala de Goián*; e H. Pousa Ortega, "O fenómeno".

la de Goián, *lièbre* e non **liabre* ‘lebre’, *siète* e non **siate* ‘sete’, *fièrve(s)* e non **fiarve(s)* ‘ferve(s)’, etc. Coido que a todo isto se deben engadir tamén as formas preposicionais *disde*, *dinde(s)* e *dindesde*, que dentro de Galicia presentan unha distribución xeográfica moi diferente da dos anteriores fenómenos, pois aparecen espalladas por todo o territorio formando pequenas áreas máis ou menos compactas.

1.2. Quitando a ditongación en /ié/ da fala de Goián e as devanditas formas preposicionais, das que ela non fala, foi Rosario Álvarez Blanco quen recentemente atribuíu os outros fenómenos de inflexión aquí enunciados ó influxo metafónico do /-e/ átono situado na sílaba final. Trataríase, segundo ela, dun fenómeno tipicamente sureño que se diferenciaría da metafonía nominal producida por /-o/ (*mêdo* por *mèdo*, *nôvo* por *nèvo*, etc.) non só pola repartición xeográfica de cada un dos dous fenómenos (sureño o que estamos a comentar, occidental o outro), senón tamén por unha moi probable datación distinta e mais polo feito de que nesta presunta metafonía por /-e/ tamén resultarían afectados verbos e adverbios (e demostrativos), cousa que non sucede na provocada por /-o/, que só inflúe en substantivos e adxectivos³.

1.3. Pola súa parte, Xosé Henrique Costas González⁴ opina que no sur da provincia de Pontevedra e no suroeste da de Ourense o /é/ padece unha inestabilidade visible non só nas xa mencionadas inflexións de *fixêse(s)* ou *nêve(s)*, senón tamén noutras aparicións de /é/ en contextos en que no galego común triunfa /é/ (*pê* por *pè* ‘pé’; *dês* por *dès* ou *dèz*, *mullêr* por *mullèr*, *mêl* por *mèl*; *papêl* e *cafê* ‘café’ por *papèl* e *cafè*). Francisco Fernández Rei⁵ acepta esta tese da inestabilidade do /é/ nestas falas meridionais e achega novos casos de /é/ en contextos en que no galego común triunfa /é/: *ê* ‘é’ por *è*; *hotêl* por *hotèl*; *vêllo* e *cênto* por *vèllo* e *cènto*; /é/ en castellanismos fronte ó /é/ do galego común nestes casos (*abuêlo* e non *abuèlo*, etc.). Para Fernández Rei, esta inestabilidade do /é/ debe ser posta en relación coa súa ditongación nalgúns barrios da parroquia de Goián (Baixo Miño), onde en cambio non se rexistra ditongación de /ó/. Na súa opinión,

“a situación actual admite dúas interpretacións: a) considerar que o *e* pechado pode ser resultado dunha monotongación; de ser así, a especial ditongación goianesa, insólita en todo o territorio lingüístico galego, sería a “mostra viva” dunha situación vocálica “unitaria” no tratamento do *è* nos falares do sur de Pontevedra; b) considerar que a inestabilidade do *è* desta zona se resolveu nun ditongo en Goián (*ia* se a palabra remata en *-o*, *-a*: *quíaro*, *piadra*; *ie*, se remata en *-e*: *nieve*, *quieres*), mentres nos falares veciños se mantén o *è* do galego común (*quêro*, *pêdra*) ou ben tende a unha realización pechada”⁶.

³ Cf. R. Álvarez Blanco, “Consideracións”, p. 150.

⁴ Cf. X. H. Costas [González], “As alteracións do /e/”.

⁵ Cf. F. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 46.

⁶ F. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 48. Xa en 1982 o profesor Fernández Rei falara desta relación entre a ditongación goianesa e as alteracións do /é/ na zona, se ben daquela se limitaba a suxerir-la súa posibilidade: “Esta ditongación goianesa é posible que teña relación coas alteracións do timbre en formas como *quêres*, *nêve*, *fixêche*, *fixêse* (pero *fixêmos*, *fixêra*) propias do S de Pontevedra e do SO de Ourense, e que moitos deses *ê*, no canto de *è* do galego común, sexan monotongacións de *ie*, semellantes ás que observamos noutras partes da Romanía” (F. Fernández Rei, “Bloques e áreas”, p. 287).

1.4. O propósito que me guía na realización desta investigación é o de estudar caso por caso as distintas formas implicadas nestas inflexións presuntamente causadas por un /-e/ átono na sílaba final. Intentarei data-los distintos procesos ata onde me sexa posible; compararei as súas distintas extensións territoriais; observarei se estas inflexións gardan algunha relación coas oposicións morfolóxicas nominais e verbais; indagarei, ademais, a posible existencia de fenómenos análogos en rexións contiguas ou noutras áreas da Romanía. Creo que todo isto aportará datos abondos para ponderármola validez das teses avanzadas por Álvarez Blanco, Costas González e Fernández Rei. Achegarémonos así ás posibles respostas a dúas preguntas elementais que me asaltan no inicio do traballo: 1) ¿é posible unha explicación unitaria para todos estes fenómenos?; e 2) ¿ podería ser esa explicación unitaria a da inflexión provocada por /-e/? En calquera caso, advirto desde o principio que non espero dar respostas definitivas a estas preguntas e maniféstome plenamente identificado con isto que escribía Dámaso Alonso hai xa varios anos: “La lingüística no es una ciencia matemática: no prueba sino que se contenta con nuestra convicción humana. Y no hay petición de principio en este postulado: cuando a una larga cadena de indicios, coincidentes en sentido, se le añade otro u otros nuevos, también coincidentes en ese sentido, el valor de convicción de los nuevos indicios resulta reforzado por todos los de la cadena, y ésta fortalecida por los nuevos eslabones”⁷. Inicio, pois, a busca de indicios.

2. A INFLEXIÓN /é/ > /él/.

2.1. A inflexión /é/ > /él/, a miúdo habendo na sílaba átona final un /-e/ pero tamén noutros casos en que actualmente non o hai, documéntase hoxe en día no sur da provincia de Pontevedra e no suroeste da de Ourense, formando unha área continua. Así e todo, non se dá unha coincidencia perfecta entre as diversas zonas polas que se estenden as distintas formas afectadas pola inflexión, como pode comprobarse comparando os mapas 1, 2, 3 e 4. O fenómeno afecta tanto a substantivos coma a formas verbais, e, se ocorre en presenza do /-e/, dáse tanto se esta vocal ocupa a posición final absoluta coma se non. Véxase: *nêve/nêves*⁸, *dêche(s)-dêste(s)*, *dêse/dêses/dêse/dêsen* (pero *dêra/dêras*, etc.), *quêres/quêre/quêren* (pero *quêro*), etc. Por outra banda, ten interese observar que o fenómeno non parece deterse na

⁷ D. Alonso, “Metafonía”, pp. 148-149.

⁸ Sería absurdo pretendemos que o *nêve(s)* desta zona remonta directamente ó lat. cl. *NĪVIS*, sen o paso intermedio polo lat. vg. **NĒVE*, do que proviría a forma *nêve*, común en principio a toda Galicia. Seríao, en primeiro lugar, porque, como observan J. Corominas e J. A. Pascual, *Diccionario*, vol. 4, p. 227, s.v. NIEVE, os resultados do castelán, do portugués (e do galego común), do catalán, do occitano e de moitos dialectos italianos postulan unanimemente unha base lat. vg. **NĒVE*, tal vez debida ó influxo do lat. *NĒBULA*, voz que designaba tamén unha característica da climatoloxía invernal e que, pronunciada *NEVULA* no lat. vg., debeu de percibirse como un diminutivo de **NĒVE*. ¿Por que razóns habería que supoñer unha base etimolóxica distinta para esa pequena área? Sería absurdo, tamén, porque esta forma *nêve(s)* se documenta xustamente na mesma zona en que outras formas con /él/ etimolóxico o inflexionan en /é/ habendo /-e/ na sílaba final. Finalmente, o resultado *niève* da fala de Goián (Baixo Miño), documentado por H. Pousa Ortega, “O fenómeno”, p. 408, esixe tamén unha forma previa con /él/ (< Ē), pois en Goián ditonga /él/, pero non /él/.

fronteira galego-portuguesa. Efectivamente: na primeiras décadas do século XX Leite de Vasconcelos documentou formas coma *sête*, *dezassête*, *dês* ‘dez’, *mulhêr*, *colhêr* e *pudêr* na fala do concello miñoto de Melgaço⁹, así como *pê* e *sête* na de Caminha e *quêr* ‘quere’ na de Germil (Ponte da Barca)¹⁰.

2.2. Non parece que a orixe desta inflexión estea na necesidade de reforzar certas oposicións morfolóxicas. Obsérvase, por exemplo, que nun substantivo coma *nêve(s)*, sen parella masculina, a inflexión afeeta tanto ó singular coma ó plural. No caso das formas verbais, á parte de que as oposicións morfolóxicas semellan bastante ben salvagardadas cos recursos propios da lingua común, non se ve que beneficios, que novas cotas de claridade, podería aportar-lo pechamento da vocal tónica. Máis aínda: pódese comprobar doadamente que, mentres nuns casos a inflexión do /é/ conduce á desaparición de certas oposicións no seo do sistema flexional do verbo, noutras ocasións produce xustamente o efecto contrario, pois reforza outras oposicións distintas. Así, como indica Costas González¹¹, no presente de indicativo dalgúns verbos da CII a inflexión do /é/ elimina en certos verbos a alternancia da vocal radical tónica do galego común, que presenta /é/ na P1 e /é/ nas restantes formas rizotónicas do paradigma:

gal. com.	<i>bêbo</i>	gal. SO.	<i>bêbo</i>
	<i>bêbes</i>		<i>bêbes</i>
	<i>bêbe</i>		<i>bêbe</i>
	<i>bebemos</i>		<i>bebemos</i>
	<i>bebedes</i>		<i>bebedes</i>
	<i>bêben</i>		<i>bêben</i> .

En cambio, nas formas arrizotónicas do pretérito perfecto dos verbos irregulares a inflexión do /é/ introduce unha oposición inexistente no galego común, pois desemboca na aparición de vocal temática /é/ na P2 e na P5, mentres que a P4 e maila P6 conservan o /é/ do galego común:

gal. com.	<i>fixêches</i>	gal. SO.	<i>fixêche</i>
	<i>fixêmos</i>		<i>fixêmos</i>
	<i>fixêstes</i>		<i>fixêstes</i>
	<i>fixêron</i>		<i>fixêron</i> ¹² .

⁹ Cf. J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 2, pp. 313, 322.

¹⁰ Cf. J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 2, pp. 416-417 e 447.

¹¹ Cf. X. H. Costas [González], “As alteracións do /e/”, pp. 386-387.

¹² Por extensión analóxica poden aparecer nalgúns puntos desta zona formas coma *fixêmos* e *fixêron*. Cf. X. H. Costas [González], “As alteracións do /e/”, p. 387.

Por todo o antedito, inclínome a pensar que estamos ante unha inflexión provocada por factores de carácter pura e simplemente fonético.

2.2. Data-la aparición deste fenómeno é empresa sumamente dificultosa, porque na nosa escrita nunca se adoitou representar graficamente a oposición *e/e*. Mais podemos recorrer á cronoloxía relativa. Obsérvese que na fala de Goián, onde ditonga o /*é/*, temos, fronte ás formas sureñas *nêve/nêves*, *niève/nièves*; fronte a *dêche(s)-dêste(s)*, *diêste/diêstes-diêsteis*; fronte a *dêse/dêses/dêse/dêsen*, *diêse/diêses/diêse/diêsen*; fronte a *quêres/quêre/quêren*, *quièreres/quière/quieren*; etc. Así, pois, os testemuños de Goián, rodeados xeograficamente de falas que ofrecen /*é/* en idénticos contextos, esixen partir de formas que aínda mantiñan o /*é/* sen inflexionar, pois doutro modo non se produciría a ditongación. Isto parece permitir concluír que a inflexión /*é/* > /*é/* é relativamente recente, pois só actuou cando a ditongación goiana estaba xa consumada ou en vías de consumación. Se non se admite isto, haberá que pensar, como propón Fernández Rei, que a inestabilidade do /*é/* en toda a zona se resolveu maioritariamente no seu paso a /*é/* en diversos casos e contextos, especialmente cando aparecía /-e/ na sílaba final¹³, mentres que en Goián conduciu a unha ditongación en [já], [jé] ou [jó] condicionada polo contexto fonético. Coa primeira solución avanzaríase por un camiño conducente en boa medida á desaparición da oposición fonolóxica entre as vocais anteriores de abertura media; en troques, a ditongación goiana salvagardaría a dita oposición bimatisando o elemento inestable, de maneira paragonable ó acontecido no antigo castelán, onde as oposicións latino-vulgares *e/e*, *o/o* perviven baixo a forma *ie/e*, *ue/o*. Daquela, estaríamos ante reaccións distintas e quizais simultáneas fronte a un mesmo problema.

Esta tese da inestabilidade como causa común do cambio cadra ben co feito de que na zona afectada se dean casos de /*é/* > /*é/* sen que hoxe haxa /-e/ na sílaba final e que, en correspondencia, na fala de Goián adoitan presentar ditongo:

gal. com.	gal. SO	gal. goian.
[ˈpe]	[ˈpe]	[ˈpje]
[ˈe] (verbo)	[é]	[ˈje]
[ˈbeʎo]	[ˈbeʎo]	[ˈbjeʎo]
[ˈdeθ]	[ˈdes]	[ˈdjes]
[ˈmɛl]	[ˈmel]	[ˈmjɛl]
[kaˈfe]	[kaˈfe]	[kaˈfje]
[paˈpɛl]	[paˈpɛl]	[paˈpjɛl].

Ora ben, que haxa casos de inflexión -ou, en Goián, de ditongación en [ˈje]- sen que se presente /-e/ na sílaba átona final non quere dicir que esta vocal non exerza ningunha influencia,

¹³ Recórdese que non só se chega a /*é/* neste caso, senón tamén en palabras patrimoniais actualmente rematadas en /*é/* en sílaba libre ([ˈpe]), palabras patrimoniais ou non patrimoniais actualmente rematadas en /*é/* en sílaba trabada ([ˈmél], [oˈtɛl]), castelanismos -que en galego común presentan /*é/*- ([aˈβwelo]) e mesmo en voces coma [ˈbeʎo] e [ˈθɛŋto]), tamén con /*é/* no galego común. En casos como [ˈkero] e [ˈpeðra] mantense nestas zonas o /*é/* do galego común.

pois isto faise evidente simplemente se comparamos *supêse(s)* con *supèra(s)* (goian. *supiè-se-s/supiara-s*), *supêche(s)* con *supèmos* (goian. *supièste/supiamos*), *supêstes* con *supèron* (goian. *supièstes- -supièsteis/supiaron*), *quèro* con *quère(s)*, (goian. *quiaro/quière-s*), etc. O /-e/, pois, non é necesario para se produci-la inflexión, pero si parece ser suficiente.

Por outra banda, pènese que existen voces en que o /-e/ átono final non está presente hoxe, pero si o estivo en épocas pasadas do idioma. Velaí *dês* < DĚCE(M), *mullêr* < MULIÈRE(M), *mêl* < *MĚLE(M)¹⁴ ou *pê* < PĚDE(M). Admiti-la posibilidade de que o /-e/ inflexionase a vocal tónica destas palabras antes de desaparecer cando ía precedido de *c* ou *z*, *r*, *l* ou outras consoantes ou, no caso de chegar a formar parte dun hiato debido á perda dunha consoante intervocálica, antes de que ese hiato se reducise mediante unha crase (*pee* > *pê*) ou pasase a ditongo (*pee* > *pei*), esixiría retrasa-la datación do fenómeno ou, cando menos, situa-la súa orixe nun momento recuado. É unha posibilidade que habería que ponderar observando ata que punto é posible facela compatible co aparentemente claro carácter recente da alteración. Por outra banda, aceptar este punto de vista seguiría deixando algúns cabos soltos coma *vêllo*, *cênto*, *abuêlo*, *cafê* ou *papêl*. Para estes vocábulos poderíase pensar nunha extensión analóxica do fenómeno, pero continuaría quedando en suspenso a cuestión de por que esa presunta analoxía puido chegar a eles e non a outros coma *quèro* ou *pèdra*. Ante estes problemas, e á espera de novas investigacións que poidan deitar máis luz sobre este asunto, prefiro de momento pensar que o feito de que a orixe do cambio é a inestabilidade do /é/ e que o contexto fonético (incluíndo aquí como un dos factores principais a presenza de /-e/) é só un elemento coaduvante parece comprobarse ó observar que o /ó/ nin pasa a /ó/ en todo o sur de Pontevedra e SO de Ourense nin ditonga en Goián.

En calquera caso, coido que o carácter recente da inflexión /é/ > /é/ non parece rebatible, dada a súa evidente relación coa ditongación de Goián e tendo en conta, como máis abaixo veremos, que estoutro fenómeno si presenta evidentes indicios de ser bastante moderno. Creo ademais que tal vez a propia inestabilidade con que se manifesta delate tamén o carácter recente do proceso, pois non me parece probable que unha situación tan insegura e vacilante¹⁵ se mantivese así durante un período de tempo moi prolongado.

Evidentemente, oponse a estas consideracións a tese, apuntada como posible por Fernández Rei, de que esteamos ante unha ditongación preliteraria que perviviría en Goián mentres que no resto da zona daría paso a unha monotongación en /é/. Esta hipótese parécese pouco convincente porque, á parte de non casar co máis ca probable carácter recente do

¹⁴ Segundo, E. B. Williams, *Do latim*, p. 130, *mel* e outros acusativos neutros do latín clásico rematados en -l ou -r radicais adoptaron en latín vulgar a terminación masculina -e(m): MĚL > MĚLE(M), MARMOR > MARMORE(M). R. Lorenzo, *La traducción*, vol. 2, p. 829, s.v. *mel*, indica que a forma sen -e é a normal xa desde o século XIII.

¹⁵ Segundo X. H. Costas [González], “As alteracións do /e/”, p. 386, “estamos perante unha “inestabilidade” non unitaria nin homoxénea, xa que varía relativamente a súa incidencia segundo os termos dos que se trate, segundo os lugares e segundo os falantes, dándose mesmo o feito sorprendente de que un mesmo falante pode articular unha mesma palabra con ou sen a devandita alteración”.

fenómeno, creo que deixa sen explicar casos coma os de *quèro* ou *pèdra*, con /é/ polo suroeste galego en xeral e /iá/ (*quiaro*, *piadra*) en Goián. En cambio, non crea estes problemas a tese de que a inestabilidade do /é/ na área debeu de se resolver maioritariamente nunha inflexión non sistemática mentres que en Goián levou á ditongación.

3. A DITONGACIÓN GOIANESA.

3.1. Abordemos agora algo máis por extenso o tema da ditongación de Goián. Nalgúns barrios desta parroquia do Baixo Miño pontevedrés o /é/ ditonga en [já], [jé] ou [jó], tres variantes combinatorias que se achan en distribución complementaria. A primeira, [já], aparece cando a palabra remata nas vocais /-a/ ou /-o/ ou na consoante /-ŋ/: *ciarta* ‘certa’, *diamo* ‘demo’, *tamián* ‘tamén’. A segunda, [jé], ocorre en posición final absoluta ou cando a palabra remata na vocal /-e/ ou nas consoantes /-l/, /-s/ ou /-θ/: *piè* ‘pé’, *pièste* ‘peste’, *pièl* ‘pel’, *diès* ‘dez’, *quìer* ‘quere’; tamén se rexistra [jé] ante consoante palatal (*vièllo* ‘vello’). A variante [jó] dáse ante [-w] (*miou* ‘meu’, *diou* ‘deu’), se ben neste contexto tamén se detectan as outras dúas: *briau* ‘brea’, *romieu* ‘romeu’¹⁶.

Interésame subliñar que o resultado da ditongación goianesa de /é/ é [jé] cando na sílaba átona final aparece a vocal /-e/. Pódese obxectar que se chega ó mesmo resultado en casos en que isto non sucede (*piè*, *pièl*, *diès*, *quìer*, *vièllo*, etc.), pero a isto respondo novamente que, se ben a presenza do /-e/ non é necesaria para provoca-la aparición da variante [jé], si é, polo menos, suficiente. Compárense, para o comprobar, *liavo/liava(s)* e *liève/liève(s)*, *quianto/quianta(s)* e *quiente/quiente(s)*, *quiazó/quiaza(s)*... e *quìeces/quìece/quìecen*, etc. Non se esqueza tampouco que, como dixeran na nota 1, o influxo metafonético sobre o segmento vocálico da ditongación non é descoñecido na Romanía: velaí o caso do romanés.

Neste punto, quizais non estea de máis lembrarmos que para Menéndez Pidal o proceso de bimatización que transforma a vocal aberta en ditongo non soamente ten efectos sobre o timbre, producindo un elemento máis pechado e outro máis aberto, senón tamén sobre a tensión articulatoria, facendo máis tenso o elemento máis pechado e, por contraposición, máis relaxado e impreciso o máis aberto, que queda así suxeito a alteracións (*ia*, *ie*, *io*; *ua*, *ue*, *uo*)¹⁷. Non se trata simplemente de aducir un vulgar argumento de autoridade, senón máis ben de facer ver que un estudioso coma Menéndez Pidal, que dedicou moito tempo e esforzos á análise do fenómeno da ditongación, chegou á conclusión de que, se en documentos leoneses, casteláns e aragoneses do período das orixes achamos vacilacións no resultado da ditongación que sempre afectan ó elemento máis aberto e nunca ó máis pechado, isto débese a que a menor tensión articulatoria daquel o deixa máis exposto a posibles influencias alteradoras. Desde esta perspectiva, no caso de Goián ese elemento máis aberto e relaxado parece

¹⁶ Cf. H. Pousa Ortega, “O fenómeno”, p. 403.

¹⁷ Cf. R. Menéndez Pidal, *Orígenes*, pp. 127-128.

recibir, creo eu, diversas influencias, entre elas, sen dúbida ningunha, a influencia asimiladora do /-e/ na sílaba final¹⁸.

3.2. A ditongación afecta por igual a palabras variables e palabras invariables: *fiasta* ‘festa’, *abiarta* ‘aberta’, *siète* ‘sete’, *iala* ‘ela’, *bian* ‘ben’, *pièro* ‘pero’, *liavo* ‘levo’, etc. Nos substantivos afecta por igual ó masculino e ó feminino, ó singular e ó plural: *ciaho(s)/ciaha(s)* ‘cego(s)/cega(s)’. No esquema de oposicións do sistema verbal tampouco a ditongación introduce modificacións de fondo, pois simplemente sucede que o que no galego común se distingue pola oposición *é/é*, no goianés diferénciase pola oposición paralela *e/iá-ié*:

gal. com.	<i>lèvo</i>	gal. goian.	<i>liavo</i>
	<i>lèvas</i>		<i>liavas</i>
	<i>lèva</i>		<i>liava</i>
	<i>levamos</i>		<i>levamos</i>
	<i>levades</i>		<i>levades</i>
	<i>lèvan</i>		<i>liavan</i>
gal. com.	<i>fêrvo</i>	gal. goian.	<i>fêrvo</i>
	<i>fêrves</i>		<i>fièrves</i>
	<i>fêrve</i>		<i>fièrve</i>
	<i>fervemos</i>		<i>fervemos</i>
	<i>fervedes</i>		<i>fervedes</i>
	<i>fêrven</i>		<i>fièrven.</i>

En fin, como observa Helena Pousa, “o sistema verbal é o que mellor demostra como os resultados desta fala, a pesar da ditongación, non se afastan no esencial das solucións propias do galego común, tanto no que respecta á vocal temática coma á vocal radical”¹⁹.

3.3. Tamén observa Helena Pousa que hai varios indicios seguros que fan pensar que a ditongación goianesa é relativamente recente²⁰. En primeiro lugar, sucede que en Goián non ditongan nin as voces en que o /é/ pasou a /i/ por influxo metafónico de /-o/ (*mêdo*, *têsto*, *morçêho* ‘morcego’, *estêrco*, *canêlo*, *nobêlo*, *cotobêlo*, *xerêlo* ‘xurelo’), nin as que presentan /é/ > /i/ debido ó influxo da nasal que traba a sílaba (*cênto*, *pemênto*, *têmpo*, *rênda*, *dênte*, *merênda*, *tênda*, *valênte*, *facênda*, *semênte*, *testamênto*, *vênto*, *famênto*, *ferramênta*, etc.). Por conseguinte, a ditongación goianesa ten que ser relativamente recente, pois hai que supoñer que antes dela actuaron a metafonía nominal e mailo influxo de nasal trabando sílaba, que, ó pasaren /é/ para /i/, impediron a ditongación.

Por outra banda, antes de se produci-la ditongación a vocal radical da P1 do presente de indicativo e de tódalas formas rizotónicas do presente de subxuntivo de certos verbos regula-

¹⁸ É da mesma opinión H. Pousa Ortega, *A fala de Goián*, p. 49, para quen, sendo [jé] o resultado orixinario da ditongación de /é/, “as variantes do ditongo fixéronse dunha maneira regular como variantes articulatorias en distribución complementaria, dependendo do contorno fónico, en especial da vocal final”.

¹⁹ H. Pousa Ortega, “O fenómeno”, p. 409.

²⁰ Cf. H. Pousa Ortega, “O fenómeno”, pp. 416-417.

res da CII tivo que pasar en Goián de /é/ a /é/²¹, pois neses casos non observámo-lo paso a /iá/; os resultados goianeses son idénticos ós do galego común: *fêrvo / fêrva, fêrvas, fêrva, fêrvan*. Ademais, debemos supoñer un tempo previo necesario para que a vocal temática do tema de perfecto dos verbos regulares da CII pasase, coma en galego común, de /é/ a /é/²², pois tampouco neste caso hai ditongación na fala de Goián: *comêmos/supiamos, comêstes/supiestes*, etc.

En cambio, si ditongan aquelas voces rematadas en /-a/ que en zonas occidentais de Galicia, por metafónica ou por extensión analóxica do sufixo *-èla*, pasaron o /é/ etimolóxico para /é/: *iala* ‘ela’, *aquiala* ‘aquela’, *bodiaha* ‘bodega’, *boniaca-moniaca* ‘moneca’, *miada* ‘meda’. Tamén isto fala a favor do carácter recente da ditongación.

Finalmente, en Goián tamén ditongan castelanismos que non poden ser vellos no idioma: *ciahas* ‘cellas’, *ières* ‘es’, *ochianta* ‘oitenta’, *sartián* ‘tixola’. Ora ben, como xa advirte Helena Pousa, podemos estar ante simples extensións analóxicas da ditongación²³. Así e todo, os indicios seguros sinalados abundan para demostrar que este curioso fenómeno da fala de Goián é de carácter relativamente recente, pois produciuse sobre a base de fenómenos previos que afectaron ó vocalismo tónico do galego común ou ó de grandes áreas dialectais do occidente en que se encontra enclavado Goián. Isto non quere dicir, naturalmente, que esta ditongación sexa *moderna*. Pensemos, por unha banda, que a influencia inflexionante de /-o/ (ou /-u/) e de nasal trabante parecen ser fenómenos moi antigos que xa se daban dialectalmente en latín ou en protorromance²⁴ e observemos, con Porto Dapena²⁵, que a capacidade de *-n* para pecha-lo timbre da vocal trabada xa debía de estar morta cando por asimilación e crase se resolveron en /ε/ ou /ɔ/ os hiatos de CALĒNTE(M) > *caente* > *queente* > *quènte* ou HAC NŌCTE > *ãonte* > *õonte* > *ònte*.

3.4. A investigación a fondo sobre as posibles relacións entre a ditongación goianesa e a do norte de Portugal, xa iniciada por Helena Pousa²⁶, apartaríanos do obxectivo principal

21 Iso foi tamén o que ocorreu no galego común. Para A. Santamarina, *El verbo gallego*, p. 32, estes verbos que tiñan unha vocal radical procedente de Ē (ou ō) foron inflexionados nas persoas indicadas por un iode que non era máis cá vocal temática, silábica en latín clásico e asilábica no vulgar.

22 Segundo A. Santamarina, *El verbo gallego*, pp. 54-61, a vocal temática destes perfectos regulares da CII debeu de ser /é/ nunha primitiva etapa común ós romances hispánicos que non só explicaría a súa conservación en falares do galego exterior (*comêmos*), senón tamén a ditongación do leonés (*corriemos*), do aragonés (*vendimos*) e do castelán antigo (*vençiemos*). No galego común esta vocal temática dos perfectos regulares da CII debeu de pasar a /é/ por unha extensión analóxica do tema de presente.

23 Cf. H. Pousa Ortega, “O fenómeno”, p. 408.

24 Cf. H. Lausberg, *Lingüística románica*, vol. 1, pp. 268 e 296-299.

25 Cf. J. A. Porto Dapena, *El gallego hablado*, p. 63.

26 Cf. H. Pousa Ortega, *A fala de Goián*, pp. 79-88. Nas pp. 67-79 da mesma obra a autora indica que a ditongación goianesa non parece gardar relación coa leonesa, entre outras razóns porque: 1) en leonés o ō ditonga mesmo ante iode, mentres que en goianés non o fai nunca; e 2) aínda que en xeral coinciden goianés e leonés no relativo á ditongación de Ē, sucede, por unha banda, que, fronte ó que vemos en leonés, na fala de Goián non ditongan toda unha serie de formas que viron modificado o timbre da súa vocal tónica debido a diversos procesos que afectaron ó galego común, ó galego occidental ou só ó suroccidental (metafonía, influxo de *-n* trabante, etc.) e, ademais, observamos que en goianés a ditongación en formas verbais parte sempre da base do sistema propio do galego común.

deste traballo e distraería a nosa atención. O que aquí me propoño facer é esclarecer, na medida do posible, ata que punto se pode dar unha explicación única para tódolos fenómenos que estamos a analizar e, ademais, se esa explicación pode se-la influencia inflexionante de /-e/. Por tanto, da ditongación goianesa o que nos interesa é non tanto a ditongación en si mesma como dilucida-la relación entre a presenza do /-e/ átono final de palabra e a variante [jé] como resultado da ditongación de /é/ e, por outra parte, a súa probable conexión coa aparente inestabilidade do /é/ nas terras circundantes. Só na medida en que achegue datos que iluminen a reflexión sobre algunha destas cuestións nos interesará o fenómeno da ditongación de /e/, /e/, /ɔ/ e /o/ no norte de Portugal.

Desde esta perspectiva, parécese conveniente deixar a un lado as ditongacións de /e/, /ɔ/ e /o/, alleas ó caso goianés. En troques, chama poderosamente a atención o feito de que a ditongación /é/ > [jé] ou [jé] se dea en terras portuguesas tan próximas a Goián, e en xeral á fronteira meridional da Galicia occidental, coma Caminha, Ponte de Lima, Viana do Castelo, Ponte da Barca, Fafe, Vieira do Minho, Barcelos, Monção, Melgaço ou incluso, algo máis ó sur, Póvoa do Varzim²⁷. Tal vez isto queira dicir que a zona galega con inestabilidade do /é/ ten continuidade por toda esta área setentrional do país veciño en que se oen formas coma *co-bièrta, panièla, mièrca, quièro, tièrra, amarièlo, jinièla, pièdra, fièsta, pièrna, nièves, siète, diez, sierra...* e na que ademais están enclavados o concello de Melgaço, a vila de Caminha e o lugar de Germil (Ponte da Barca), onde, como antes sinalei, recolleu Leite de Vasconcelos voces coa inflexión /é/ > /é/ parangonables ás que se rexistran polo sur de Pontevedra e o SO de Ourense: *sète, dezassète, dès* ‘dez’, *mulhêr, colhêr, pê*, etc.²⁸ Poderíase obxectar que para facer esta especulación escolmo da ditongación portuguesa o aspecto que me convén e ignoro de propósito os que non gardan relación, polo menos aparente, co que acontece na fala de Goián. Sen embargo, é o certo que non acabo de ver definitivamente, con claridade e certeza, que haxa vínculos irrefutables entre a ditongación portuguesa de /é/ e a das outras vocais de abertura media. Tamén hai que recoñecer que a análise das formas ditongadas antes mencionadas parece revelar que no norte de Portugal o [-e] non ten influencia sobre o timbre da segunda vocal do ditongo (cf. *tièrralquièro/siète*). Ora ben, tampouco deixa de ser certo que non se poden tirar consecuencias seguras a partir de tan poucas documentacións e, ademais, carecendo dun estudio específico, exhaustivo e rigoroso sobre a ditongación desta vocal en Portugal.

Sobre a ditongación de /ɔ/ hai poucos datos e, por outra banda, algunhas das súas documentacións proceden dun punto tan distante do Miño coma Mértola²⁹. Non teño noticias

²⁷ Cf. J. Leite de Vasconcelos, *Esquisse*, p. 80; J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 2, pp. 174, 276, 397 e 454; M. H. Santos Silva, “Características”, p. 312. Naturalmente, tanto nesta relación coma na correspondente ó /ɔ/ deixo de lado as ditongacións mirandesas e doutros puntos do Trás-os-Montes oriental, que son de filiación leonesa e non galego-portuguesa.

²⁸ Cf. J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 2, pp. 313, 322 e 416-417.

²⁹ Cf. M. Alves Lima, “Matosinhos”, p. 153, que rexistra *vuoto e fuorti* en Mértola.

de que aconteza o mesmo coa ditongación de /e/, pero, claro está, non podo descartar esta posibilidade. Ademais, non poucas veces vemos como nunha mesma localidade setentrional ditonga /e/ pero non /ɔ/, coma en Goián; polo menos isto é o que parece suceder en Barcelos ou na Póvoa do Varzim³⁰, anque hai que recoñecer unha vez máis que traballamos con informacións moi escasas e por veces demasiado antigas.

Os casos de /e/ e /o/ parecen gardar relación entre si, pero creo que non están claras as súas conexións cos do /e/ e /ɔ/. Dá a impresión de que estas ditongacións de /e/ e /o/ tenden a producirse tras consoante labial ou velar, se ben non deixan de se verificar tamén noutros contextos; isto non parece suceder coas outras dúas. Por outra parte, as ditongacións das vocais pechadas témolas documentadas en puntos máis ou menos apartados do Miño coma, no caso de /o/, Valfrades (Trás-os-Montes)³¹, Mértola³² ou mesmo Porto Santo (Madeira) -onde /o/ > [wá]-³³ e, no caso de /e/, Cinfães (Beira), Vila Real (Trás-os-Montes), Alandroal (Alentejo) e novamente Porto Santo³⁴.

En definitiva, non vexo probas convincentes que vinculen definitivamente a ditongación portuguesa de /e/ á de /ɔ/, /e/ ou /o/ e a desvinculen da goianesa. Así e todo, convén sermos prudentes, pois, como recoñece Pousa Ortega, “estas ditongacións en territorio portugués están imperfectamente estudadas”³⁵ e cos poucos datos recollidos resulta arriscado facer comparacións e imposible tirar consecuencias seguras. De tódolos xeitos, parécese probable que haxa conexións entre a ditongación goianesa e a do /e/ nas terras miñotas de Portugal e, por conseguinte, que a inestabilidade do /e/ no sur de Pontevedra e SO de Ourense traspase a fronteira galego-portuguesa.

4. ISTE(S), ISE(S).

4.1. Na maior parte da provincia de Ourense e no sur da de Lugo documéntase na actualidade un sistema de demostrativos con hipercharacterización das formas masculinas, que se opoñen ás femininas e neutras non só polo timbre da vocal átona final (-e/-a/-o), senón tamén polo da tónica (i/-e-). O sistema que nesa zona se emprega é, por tanto, *istelestalesto*³⁶.

¿Cal é a antigüidade destes demostrativos masculinos hipercharacterizados? ¿Cando podemos data-la aparición das formas *iste(s)* e *ise(s)*? Coma case sempre en lingüística histórica, non é posible ofrecer unha cronoloxía absoluta segura e debémonos mover no terreo das conxecturas. Ramón Lorenzo indicou hai anos que non se encontran en textos medievais for-

³⁰ Cf. J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 2, pp. 173-175, 276-278.

³¹ Onde J. Leite de Vasconcelos, *Esquisse*, p. 82 rexistrou *puoço* ou *muoco*.

³² O mesmo J. Leite de Vasconcelos, *Esquisse*, p. 82 recolleu alí *fuogo*.

³³ Nesta illa témo-los testemuños de *amuar* ‘amor’, *buarda* ‘borda’, *cuatu* ‘coto’, *ruadu* ‘rodo’, *senhuar* ‘senhor’, recadados por M. de L. de Oliveira Monteiro, “Porto Santo”, *RPF* 3.

³⁴ Para Porto Santo (*cumier*, *cabielu*, etc.) cf. M. de L. de Oliveira Monteiro, “Porto Santo”, *RPF* 3, p. 91. Para as outras localidades (*piera*, *ierno*, *quiedo*, etc.) cf. J. Leite de Vasconcelos, *Esquisse*, p. 79.

³⁵ H. Pousa Ortega, *A fala de Goián*, p. 83.

³⁶ Cf. F. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 69-73.

mas masculinas con /i/ tónico, pero si as neutras (*isto, isso, aquilo*), polo que pensaba que o punto de partida da inflexión había que o buscar nestas últimas, e non nas masculinas³⁷. Ora ben, isto presenta o problema de que hoxe en día no chamado sistema lucu-auriense temos formas masculinas con /í/, pero neutros con /é/.

Por outra banda, o feito de non vermos, malia a súa incontestable aparencia latina, nin *iste(s)* nin *ise(s)* na documentación medieval emanada de centros lucu-aurienses tan importantes coma Ourense, Celanova ou Montederramo creo que torna moi improbable a explicación proposta recentemente por González Seoane, que retrotrae o cambio mesmo ata a época latino-vulgar:

“O /i/ de *iste* non [é] o resultado da evolución do *i* breve latino, senón que [ten] unha orixe ben distinta, probablemente debida á influencia metafónica do *i* do latín vulgar *ISTI, *ILLI, análogos de QUI”³⁸.

As primeiras documentacións que persoalmente teño para estes demostrativos son un *iste* e mais un *istes* dun poema ourensán de principios do século XVIII³⁹, seguidos un século máis tarde por un *istes* detectado nun texto de características igualmente ourensás⁴⁰. De todo o dito podemos deducir, coas debidas reservas, que estas formas masculinas estaban vivas na zona desde antes do século XVIII e que probablemente non se coñecían na Idade Media, a non ser no seu treito final.

4.2. Respecto da orixe da inflexión gustaríame subliñar que, teña raíz metafónica ou non (e sexa esta cal sexa), o certo é que adquiriu unha importancia morfolóxica indiscutible, pois reforzou a oposición de xénero. As alternancias vocálicas, aínda que en principio poidan responder a movementos puramente fonéticos, teñen a miúdo unha “intención” morfolóxica, acaban asumindo un valor sistemático. Como observa Mattoso Câmara, “deve-se levar essencialmente em conta para o fenômeno o valor morfológico que, desde cedo, adquiriu o jogo das alternâncias da vogal tônica, provocadas inicialmente embora pela metáfora”⁴¹. Para

³⁷ Cf. R. Lorenzo, *La traducción*, vol. 2, p. 156, s.v. AQUELO.

³⁸ E. González Seoane, *A ortografía*, pp. 335-336. Esta posibilidade xa a apuntou V. García de Diego, *Elementos*, p. 60, par. 40, n. 5, se ben finalmente este autor se inclinou por outra explicación que semella artificiosa e, desde logo, puramente conxectural, falta de todo apoio documental: “Las formas del latín vulgar *istí, ipsí, illí* explicarían bien la modificación de la *e* del tema, pero acaso sea preferible atribuir esta influencia á una *i* final secundaria (conocida en los dialectos próximos y en el antiguo castellano) originada por disimilación: en este caso el proceso sería *iPSE ese > esi > ise, etc.*”.

³⁹ É certo que hai algún testemuño nalgúns textos medievais, pero non son seguros. Falo dun *isse* dun documento datado en Loio (sur de Lugo) en 1259 (cf. M. Sponer: “Documentos antiguos”, doc. 23) e mais dun *iste* dun documento dezaos de 1275 (cf. A. Martínez Salazar: *Documentos gallegos*, doc. 16). A estas dúas documentacións hai que lles opoñer dous reparos; primeiro: as edicións en que aparecen non son completamente fiables; segundo: é moi probable que se trate simplemente de formas latinizantes, máxime se temos en conta que, de non se aceptar esta interpretación, habería que explicar como sería posible que aparecesen estes dous testemuños en época tan temperá coma a segunda metade do século XIII para despois non volver a ocorrer ningún en toda a nosa documentación medieval.

⁴⁰ Cf. R. Mariño Paz, *Estudio*, vol. 1, pp. 491-492.

⁴¹ J. A. Mattoso Câmara, *História*, p. 102. Esta idea aparece xa nos albores da lingüística románica e histórica. Para F. Diez, *Grammaire*, vol. 2, p. 87, “il faut remarquer les neutres *isso, isto, aquisto, aquillo*, qui sont caractérisés, outre la finale *o*, par le changement de la voyelle radicale en *i*, procédés auquel on peut comparer *tu-*

el resulta paradigmático o caso do indefinido neutro portugués *tudo*: “é evidente o sentido morfológico dessa alternância, pois a metafonía puramente fonética tería atingido tamén *todo* (lat. *totum-totam-totum*)”⁴².

Se agora volvémo-los ollos ó caso das formas *aquil(es)* e *il(es)*, na actualidade documentadas basicamente na mesma área en que se empregan *iste(s)* e *ise(s)*, creo que o único elemento que permanece seguro é o valor morfológico da inflexión, en tanto que as cuestións relativas ó proceso do cambio seguen sendo discutibles. Poderíase pensar que *aquil* apareceu por analogía con *iste* e *ise*, e que a partir de *aquil* se forxou, tamén analoxicamente, un *il*. Sen embargo, esta interpretación presenta o problema de que non é normal que unha forma moi común (neste caso, o pronome persoal *il*) sexa o resultado dunha extensión analóxica a partir doutra menos común (*aquil*). Cabería tamén supoñer unha inflexión *aqu(eles)* > *aqu(iles)* acontecida nos plurais, con /-e/ átono final, pero non absoluto; naturalmente, esta inflexión tería lugar xa en época románica, pois as formas latinas remataban en -OS: *ACCU(ĪLLOS). Sen embargo, o normal non é que se forme un singular analóxico a partir do plural, senón o contrario. En vista disto, poderíamos pensar que o causante da inflexión puido se-lo /-e/ que si estivo presente neste pronome noutros períodos da historia do idioma: ĪLLE > med. *ele, elle, el*. Mais aquí volvemos a bater co problema das documentacións: no galego medieval non se encontran, a pesar da súa incontestable aparencia latina, *ile(s)*, *ille(s)* nin *il(es)* como formas románicas.

En calquera caso, xulgo evidente que a analogía e o valor morfológico das alternancias da vocal tónica son os dous factores fundamentais que interveñen nos diversos procesos de cambio que afectan ós nosos demostrativos e ós nosos pronomes persoais suxeito de terceira persoa.

5. VOCAL RADICAL DA P2 DO IMPERATIVO DOS VERBOS DA CII QUE TEÑEN /e/ OU /o/ COMO VOCAIS RADICAIS (*bibe, cume*).

5.1. No galego común actual estes verbos presentan VR /e/ ou /o/ nas P2, P3 e P6 do presente de indicativo, de tal maneira que a P3 deste tempo e a P2 do imperativo quedan perfectamente opostas: (el) *bèbe* / *bêbe* (ti), (el) *còme* / *côme* (ti). Sen embargo, en diversas falas ourensás e do sur de Lugo a VR da P2 do imperativo destes verbos fecha un grao, de modo que o sistema reforza a oposición coa P3 do presente de indicativo e pasa a se-lo seguinte: (el) *bèbe* / *bibe* (ti), (el) *còme* / *cume* (ti)⁴³. Así mesmo, Leite de Vasconcelos documentou estes imperativos (*bibe, cume*) na fala do lugar de Castro Laboreiro, pertencente ó concello

do de todo: nous observerons plus bas ce même trait de flexion intérieure à propos du verbe (tíve teve, puz poz). Cette flexion ne provient nulle part de lettres latines; il faut la regarder comme une méthode créé par la langue pour distinguer les formes avec plus de précision”.

⁴² J. A. Mattoso Câmara, *História*, p. 111, n. 35.

⁴³ Cf. Instituto da Lingua Galega, *Atlas*, vol. I, 1, pp. 154-155, mapa 68, e pp. 172-173, mapa 82. Cf. Tamén F. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 81.

portugués de Melgaço, limítrofe co suroeste ourensán⁴⁴. Por conseguinte, a área de expansión destes imperativos parece ser hoxe semellante á dos demostrativos *iste(s)*, *ise(s)*, *aquil(es)* -e de *il(es)*-, pero ten algo menos de extensión e preséntase menos compacta. Ademais, estas formas verbais imperativas chegan a penetrar en territorio portugués, cousa que, polo menos ata onde eu sei, non ocorre cos devanditos demostrativos.

5.2. Non coñezo documentacións deste tipo de P2 do imperativo de verbos da CII na lingua galega medieval. O primeiro testemuño galego que podoo citar é tardío: data de 1722 e trátase da forma *aprinde* ‘aprende’, contida nun poema do ourensán Plácido Feijoo⁴⁵. Xa contra finais do mesmo século XVIII o Padre Sobreira documentou *bibe* ‘bebe’ en Ribas de Sil (Ourense)⁴⁶.

5.3. En canto á orixe do cambio destas vocais radicais, inclínome a favor dunha explicación fundamentalmente analóxica e non puramente fonética. Pénsese, para empezar, que na lingua medieval a vocal temática da P2 dos imperativos da segunda conxugación podía ser -e (a regular) ou -i, formación que para Huber sería “analóxica dos verbos em -ir, favorecida pela circunstância de muitos verbos oscilarem entre a classe de tema em e e a de tema em i”⁴⁷. Cómprenos lembrar, así mesmo, que a vocal temática da P2 dos imperativos da terceira conxugación era primitivamente -i (< -i), dato a partir do cal levanta Nunes a súa hipótese explicativa:

“A mesma influência do -i subsequente sobre o -e- e -a- (sic) do radical dos mencionados verbos mostram os seguintes imperativos arcaicos: *segui* ou *sigui*, *espi*, *pidi*, *subi*, *cubri*, etc., os quais, por ser final e átono esse -i, que no latim era longo, passaram depois normalmente [...] a *sigue*, *ispe* ou *dispe*, *pide* e *despide*, *sube*, *cubre*, etc. Igualmente *feri*, *servi*, **menti*. **sentí*, **vestí*, *dormi* foram ainda por metáfora substituídos por *fire*, *sirve*, *minde*, *sinte*, *viste*, *durme* e a sua acção chegou a estender-se, decerto por analogia, a verbos em que, como são aqueles cujo tema acaba em -e, não era de regra que chegasse, como nos testificam estoutros: *aprinde*, *entinde*, *estinde*, *miti* e *mite*, *time*, *percibe*, *recibe*, *bive*, *escribe*, *cume*, *culhe*, *esculhe*, *tulhe*, *cunhuce*, *curre*, *escurre*, *sufre*, *murde* e *vinde* (de *vender*)”⁴⁸.

Salvando os casos dos verbos pertencentes a conxugacións diferentes, a explicación para o portugués pódese transplantar ó galego. É unha pena que Nunes non diga de onde recolleu estes exemplos nin aclare se se trata de formas da fala viva do seu tempo ou extraídas de textos antigos. Mais polo menos podemos lembrar que Cornu deixou escrito na súa *Grammatik* que se trataba de imperativos comúns en portugués⁴⁹ e que Rosa Virgínia Mattos

⁴⁴ J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 2, pp. 326 e 363-372.

⁴⁵ Cf. *Sagradas Flores del Parnaso, de la bien templada lyra de Apolo, que a la reverente catholica acción, de aver ido acompañando sus Magestades al SSmo. Sacramento, que iba a darse por Viatico á una Enferma, el día 28 de Noviembre de 1722*. Madrid: Imprenta de Juan de Aritzia, 1723, p. 124. Un exemplar desta obra encóntrase na biblioteca do mosteiro de Poio (Pontevedra): signatura R.S. 36 / 3 / 7.

⁴⁶ Cf. Fr. J. Sobreira, *Papeletas*, p. 402.

⁴⁷ J. Huber, *Gramática*, p. 227. Cf. tamén J. J. Nunes, *Compêndio*, p. 289.

⁴⁸ J. J. Nunes, pp. 286-287.

⁴⁹ Cf. J. Cornu, *Grammatik*, p. 26.

e Silva documentou *curri e miti* nunha obra do século XIV⁵⁰. En calquera caso, coido que este cambio debe de ser tardío. Hai que ter en conta, en primeiro lugar, que ata o século XIV era normal a vocal temática *-i* na P2 dos imperativos da CIII (*servi, dormi*). A inflexión da vocal radical por causa do efecto metafonético exercido por ese *-i* (*sirve, sigue*) documéntase en textos de entre os séculos XIV e XVI⁵¹. Se o cambio de vocal radical en *aprinde, cume*, etc. se debe ó modelo ofrecido por estes imperativos da CIII, teremos que datalo tamén, como mínimo, entre os séculos XIV e XVI. Isto cadraría ben co feito de que, ata onde eu sei, non se rexistren estas formas do imperativo da CII na lingua galega medieval.

Se, como suxire Nunes, *aprinde, cume*, etc. foron innovacións ben coñecidas en portugués, deberon de recuar bastante rapidamente ante o avance das formas do idioma común, que representan unha volta ó estado antigo ou unha conservación del. Só se salvarían desta queima falares de zonas illadas e mal comunicadas coma Castro Laboreiro, excepcións coma os populares *fuge, sube* ou os fósiles contidos en locucións coma *curre-curre, cuspe-cuspe, bule-bule*⁵². En galego, libres de toda presión estandarizadora, estes imperativos puideron resistir moito mellor. Así e todo, creo que hoxe a área galega de *bibe e cume* é a todas luces pouco compacta, coma se se tratase dun fenómeno en recesión.

Unha explicación alternativa para o cambio sería a seguinte: logo de apareceren, por analogía coas da CIII, segundas persoas do imperativo da CII con vocal temática *-i*, esta vocal átona final puido provoca-la inflexión das vocais radicais. Calquera destas dúas hipóteses paréceme preferible a aquela que busca o motivo do cambio nunha inflexión provocada por *-e*: en primeiro lugar porque esta presunta inflexión por *-e* é ata o de agora descoñecida na nosa morfoloxía verbal histórica, en tanto que a provocada por *-i* está ben contrastada; e, en segundo lugar, porque a explicación puramente fonética (inflexión por *-e*) non pode dar conta de por que non aparecen nunca na P5 **bebide, *comide*, etc. Coido, en definitiva, que estamos ante unha alteración que afecta especificamente á vocal radical da P2 e que pode explicarse ben como unha pura modificación analóxica debida ó modelo ofrecido polas P2 da CIII, ben como unha combinación de cambio analóxico (vocal temática *-e > -i* por analogía coa P2 da CIII) e inflexión de carácter metafónico exercida por este *-i*.

6. HUXE.

6.1. A forma adverbial *huxe* (< HÖDIE) rexístrase no suroeste da provincia de Ourense⁵³. En concreto, segundo consta no arquivo dialectal do Instituto da Lingua Galega, recolleuse *huxe* nos puntos O15, O19, O20, O23, O26, O28 e O31, correspondentes a lugares dos con-

⁵⁰ Cit. en R. V. Mattos e Silva, *O português arcaico*, p. 56.

⁵¹ Cf. J. Huber, *Gramática*, p. 228.

⁵² Para *fuge, sube* e as tres locucións cf. J. J. Nunes, *Compêndio*, p. 289.

⁵³ Cf. F. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 103. M. J. de Moura Santos, "Os falares fronteiriços", 14, p. 315, escoitou *hoxe e huxe* en aldeas galegas (ourensás) fronteirizas con Trás-os-Montes, pero non di concretamente en cales.

cellos de Ramirás, Padrenda, Xinzo de Limia, Bande, Entrimo, Calvos de Randín e Lobios, respectivamente. Pola súa banda, Leite de Vasconcelos detectou *huje* nos lugares de São Gregório e Castro Laboreiro, pertencentes ó concello portugués de Melgaço, que entesta precisamente coa Limia Baixa ourensá⁵⁴. Non se esqueza que Leite de Vasconcelos tamén escoitou os imperativos *bibe* e *cume* en Castro Laboreiro.

6.2. Evidentemente, esta inflexión non garda ningunha relación coas flexións morfolóxicas, pois afecta a unha palabra invariable. Non lle coñezo documentacións antigas.

6.3. Á explicación recentemente proposta para esta e outras formas por Álvarez Blanco (inflexión provocada por *-e* átono final) hai que lle engadi-las de García de Diego e Leite de Vasconcelos. O primeiro atribúe a alteración vocálica a un “escurecemento” que ó seu xuízo producen as consoantes palatais sobre as vocais de abertura media, pero na relación de exemplos que dá hai moitos que se poden explicar simplemente como casos de inflexión producida por iode: MÍLIU > *millo*, GURGŪLIU > *gurgullo*, PLŪVIA > *chuvia*, TĪNEA > *tiña*, FŌLIA > *folia*, etc.⁵⁵. A interpretación de Leite resulta realmente incomprendible por culpa dunha evidente mala redacción: “O *u* -escribe- parece debido a uma espécie de metáfora causada por *-uje*”⁵⁶. ¿Refrefese a unha extensión analóxica do sufixo *-uje*? ¿A unha “metáfora” exercida pola vocal átona final? ¿Á posible influencia da consoante palatal? Paréceme suxerente a hipótese da extensión analóxica do sufixo *-uxe/-uje*, pero, en calquera caso, non se pode descartar que esteamos ante unha alteración de carácter exclusivamente fonético, ben provocada pola vocal final, ben pola consoante palatal.

7. DISDE, DINDE(S), DINDESDE.

7.1. Ante a miña carencia de documentacións antigas, para estas formas preposicionais soamente podoo ofrece-los datos que constan no arquivo dialectal do Instituto da Lingua Galega. No dito arquivo obsérvase que *disde* se recolleu nos puntos C43, C49, P12, P15, P29_a, L24, L37, O3 e O12, que corresponden a lugares dos concellos de Muros, Ribeira, Cambados, Pontevedra, Salceda de Caselas, Tui, Guntín, Folgoso do Courel, Rubiá e Chandrexa de Queixa; que *dinde* se usa en Valdoviño (C4), Sada (C10), Outes (C38), A Guarda (P33), A Veiga (O12), Vilariño de Conso (O18) e Vilardevós (O29); que *dindes* foi detectado en Dodro (C46), Ribeira (C49), Bueu (P18) e Folgoso do Courel (L37); e que *dindesde* aparece en Sanxenxo (P16). Estas alteracións, pois, aparecen espalladas por todo o territorio galego, pero, afinando un pouco máis a análise, pódense apreciar tres pequenas áreas máis ou menos compactas e de diferente extensión: unha no noroeste (Valdoviño, Sada, con *dinde*), outra no oeste (da ría de Muros e Noia ata Tui, con *disde*, *dinde(s)* ou *dindesde*) e outra no sueste (Folgoso do Courel, Rubiá, Chandrexa de Queixa, A Veiga, Vilariño de Conso

⁵⁴ Cf. J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 2, pp. 313, 329, 365, 367, 368.

⁵⁵ V. García de Diego, *Elementos*, pp. 65-66. Cando na p. 65, n. 3, fala de voces que manteñen o timbre “propio”, aduce varias que sinxelamente se poden explicar como casos en que o iode non actuou: *concello*, *cella*, *consellar* (e supoñemos que *consello*). Equivócase cando afirma que *teño* e *veño* teñen en galego común vocal aberta.

⁵⁶ J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 2, p. 313.

e Vilardevós, con *disde* ou *dinde(s)*). Para esta preposición non coñezo alteracións vocálicas semellantes en territorio portugués.

7.2. Salta á vista, por unha banda, que a extensión xeográfica destas inflexións é moi distinta da de tódalas formas anteriores e, por outra, que, coma no caso de *huxe*, non teñen ningún efecto sobre as flexións morfolóxicas, pois estamos ante outra palabra invariable. Inclínome, tendo en conta este último dato, a pensar que estamos ante unha modificación debida a un influxo fonético que non parece provir do contexto consonántico, xa que a inflexión se produce tanto en *disde* coma en *dinde(s)*. Desde esta perspectiva cobra verosimilitude a hipótese da posible metafonía exercida por *-e*, pero tamén se podería pensar nunha simple disimilación.

8. NUME(S).

8.1. Aínda que no arquivo dialectal do Instituto da Lingua Galega non se custodian datos relativos á forma e variantes dos derivados do latín *NOMEN*, podemos recordar, sen maiores precisións, que, como afirma Álvarez Blanco, *nume* (por *nôme*) é empregado actualmente en diversas áreas sureñas de Galicia⁵⁷, con *-ú-* tónico tanto no singular coma no plural. A este dato cómpre engadirlle que Paiva Boléo detectou *nume* “nalgumas terras” do norte de Portugal⁵⁸, que Leite de Vasconcelos o escoitou na Póvoa de Varzim⁵⁹ e que o mesmo Leite de Vasconcelos, amais de detectalo tamén na Estremadura portuguesa, documentou *numi*, co *-i* por *-e* característico de certas áreas portuguesas, nos falares fronteirizos de Alamedilla e Sabugal e “em algumas outras regiões de Portugal”⁶⁰. Así, pois, estamos ante unha alteración que non é en absoluto exclusiva da Galicia meridional, senón que se dá, conforme as informacións proporcionadas por Boléo e Vasconcelos, en diversas áreas de Portugal, mesmo distantes de Galicia.

8.2. Coma en tantas outras ocasións, falar da datación desta alteración é en boa medida falar das súas causas. Ó contrario do que acontece con tódolos outros casos aquí analizados, para *nume* temos numerosas documentacións na poesía e na prosa medievais, tanto galegas coma portuguesas⁶¹. Xa no século XVIII usa esta forma o Padre Sarmiento nas súas coplas galegas⁶² e nos comezos do XX García de Diego recóllea nos seus *Elementos de Gramática*

⁵⁷ Cf. R. Álvarez Blanco, “Consideracións”, p. 150.

⁵⁸ Cf. M. de Paiva Boléo, “O interese”, p. 61.

⁵⁹ Cf. J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 2, p. 298.

⁶⁰ Cf. J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 4, p. 615.

⁶¹ Cf., entre outras obras, R. Lorenzo, *La traducción*, vol. 2, pp. 910-912 (onde tamén se encontran *numeada*, *numeado* e *numear*), e C. de Azevedo Maia, *História*, pp. 391-396. Practicamente tódalas documentacións que presenta Maia pertencen a documentos emitidos na meridional provincia de Pontevedra (falando, claro está, en termos exclusivamente galegos).

⁶² Cf. Fr. M. Sarmiento, *Colección*, p. 87, v. 55.1; p. 88, v. 77.3; pp. 253, 357, 375, 439. Na súa introducción a Fr. M. Sarmiento, *Catálogo*, p. 82, José Luis Pensado expresa as súas dúbidas acerca da vitalidade de *nume* na fala pontevedresa do século XVIII. Comparte estas dúbidas C. de Azevedo Maia, *História*, pp. 395-396, n. 4, para quen podería tratarse “do restabelecimento de un arcaísmo que o Autor tñha encontrado com alguma frequência nos velhos pergaminhos dessa provincia”. Mais, tendo en conta que *nume* se documenta aínda na actualidade polo sur de Galicia, non hai lugar para tales dúbidas.

*Histórica Gallega*⁶³. Por conseguinte non é só a extensión xeográfica, senón tamén a cronoloxía, o que marca distancias entre a alteración de *nume* e os outros fenómenos que estamos a estudar neste traballo.

As explicacións que ata o de agora se teñen dado para dar conta do *-u-* de *nume* e os seus derivados son varias e variadas. Fagamos un repaso delas.

Leite de Vasconcelos cría que “o *ú* póde explicar-se por derivación regressiva: assim como a *lume* corresponde *alumi*ar, assim a *anome*ar, que sôa *anumi*ar, e se emprega frecuentemente por *nome*ar, se fez corresponder *numi*”⁶⁴. É paragonable con esta a opinión de Lorenzo, para quen a orixe do cambio estaría no verbo *numear*, de onde sairía por derivación regresiva o substantivo *nume*⁶⁵.

García de Diego pensaba nunha atracción de terminacións. *Nume* (e *costume*, *manse-dume*, *fume*, *escume* ‘escuma’, *alcume*, *estrume*, *ferume*) tomarían esta terminación por analogía con outras voces ás que si lles correspondía etimoloxicamente⁶⁶. Aínda que el non o di, é de supoñer que García de Diego tiña en mente palabras coma *lume* (< LUMEN), *cume* (< CULMEN) ou *legume* (< LEGUMEN).

Paiva Boléo avanzou a idea de que o caso de *nume* por *nome* é idéntico ó de *outubro* (e esp. *octubre*) fronte ó francés *octobre* (< OCTOBER). As formas portuguesa, galega e castelá para o nome deste mes deben de remitir a un latín vulgar *OCTUBER⁶⁷.

No seu famoso estudio sobre documentos medievais de Galicia e o noroeste de Portugal a profesora Maia documentou, a par de *nume*, outros casos de *u* por *o* en posición tónica: *condizū*, *corazū*, *doazū*, *gērazū*, *giarazū*, *quiñū*, *mūge*, *mūges*, *cūten*, *duble*, *dubre*, *dublo*, *duple*, *furun*, *subre*, *su*, *sum*, *untre*, etc. Tanto para ela coma para Lindley Cintra⁶⁸, isto non quere dicir necesariamente que ese *-u-* estivese representando en todos eses casos o fonema /u/. Maia pensa que “algumas das formas apontadas poden resultar do embaraço que sentiram os copistas ao fixá-las por escrito. A proximidade acústica e articulatória de [o] e [u] -aclara- tería conduzido ao emprego do grafema *u*, sobretudo naquelas regiões onde porventura o referido fonema /o/ admitisse realizacións máis fechadas”⁶⁹. Con esta explicación xeral combina outras máis ou menos particulares, coma a do pseudo-latinismo para o *numen* dun documento de 1296 ou a influencia de labial para *nume*⁷⁰.

Para Cintra, tanto as formas recadadas por Maia coma outras semellantes presentes na *Notícia de Torto* e noutros documentos portugueses poderíanse deber a “uma intenção, no caso de /o/ /ol/, de distinguir, pelo menos, o fonema fechado do fonema aberto, acentuando a

⁶³ Cf. V. García de Diego, *Elementos*, pp. 16, 80.

⁶⁴ Cf. J. Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. 4, p. 615.

⁶⁵ Cf. R. Lorenzo, *La traducción*, vol. 2, p. 911, s.v. NUMEAR.

⁶⁶ Cf. V. García de Diego, *Elementos*, p. 80.

⁶⁷ Cf. M. de Paiva Boléo, “O interesse”, p. 61.

⁶⁸ Cf. L. F. Lindley Cintra, “Sobre o mais antigo texto”.

⁶⁹ C. de Azevedo Maia, *História*, p. 394.

⁷⁰ Cf. C. de Azevedo Maia, *História*, pp. 394 e 395.

importancia do traço fechado do /o/, o que os conduziu a senti-lo e a representa-lo como /u/⁷¹. No plano xeral estas opinións de Maia e de Cintra parécenme razoables e aceptables. Ora ben, no caso concreto de *nume* as súas numerosas ocorrencias en textos medievais diversos, nas coplas de Sarmiento e en certos falares actuais inclínanme necesariamente a pensar que tralas antigas graffas con *u* había xa /u/.

Álvarez Blanco, como xa sabemos, explica o cambio como froito dunha inflexión provocada polo *-e* átono final.

Persoalmente, parécenme suxerentes a explicación analóxica que propuxo García de Diego e o parangón que Boléo estableceu entre o caso de *outubro* (< *OCTUBER) e o de *nume*. Teño a impresión de que no latín vulgar da Gallaecia e a Lusitania debeu de existir, ó lado de NOMEN, unha forma *NUMEN que puido aparecer por analogía con outros substantivos que proviñan de acusativos neutros terminados en *-EN*: LUMEN > *lume*, CULMEN > *cume*, LEGUMEN > *legume*, ACUMEN > *gume*. Coido que esta hipótese cadra ben, en primeiro lugar, co feito de que *nume* (ou *numi*) apareza actualmente estendida por unha ampla zona que vai do sur de Galicia ata, polo menos, a Estremadura portuguesa; isto apunta a que a alteración vocálica estea xa na propia base latina, pois entre puntos bastante distantes coma Pontevedra e a Estremadura portuguesa non parece que existise no pasado relativamente recente unha rede de comunicacións -unha comunidade de vida- suficiente para trasladar esta forma dunha zona para outra e, a partir dun núcleo inicial, espallala. Ademais, a profusa documentación de *nume* na lingua medieval tamén fala a favor da antigüidade do cambio. Por outra banda, creo que o dobre rexistro de *nume* e *numi*, anque non sexa definitivo, apunta na dirección de non busca-la orixe da mudanza na posible influencia metafonética exercida pola vocal átona final.

9. CONCLUSIÓNS.

9.1. É agora o momento de volvermos sobre o escrito para, á luz dos datos e das reflexións achegadas, intentar dar resposta a aquelas dúas preguntas con que dabamos inicio a este traballo: 1) ¿é posible unha explicación unitaria para todos estes fenómenos?; e 2) ¿podería ser esa explicación unitaria a da inflexión provocada por *-e*? Creo que, á vista do que levamos exposto, a resposta debe ser negativa para a primeira pregunta e, por conseguinte, tamén para a segunda. A meu entender, os sete fenómenos analizados poden distribuírse en catro grupos de acordo coas súas características e relacións.

9.2. Hai un primeiro grupo de fenómenos que, falando en termos exclusivamente galegos, podemos calificar de sureños, se ben tamén se documentan no Minho portugués. Trátase da inflexión /é/ > /ê/ e da ditongación de /ê/. Dá a impresión de que tiveron lugar en época recente, anque non necesariamente *moderna*, e de que son cambios de carácter puramente fonético, pois, como vimos, tanto poden contribuír a reforza-las oposicións morfolóxicas coma a arruinalas. A circunstancia motivadora de ámbolos cambios sería a inestabilidade do /é/ e

⁷¹ Cf. L. F. Lindley Cintra, "Sobre o mais antigo texto", p. 52.

non o contexto fonético, pois o /s/ nin pasa a /ó/ en todo o sur de Pontevedra e SO de Ourense nin ditonga en Goián. A presenza /-e/ non parece necesaria, pero si suficiente, para producir a inflexión /é/ > /él/ e para propiciar que o segundo elemento do ditongo proveniente de /él/ sexa /e/ e non /a/ ou /o/.

9.3. Hai un segundo grupo de fenómenos de extensión lucu-auriense e de carácter aparentemente tardío. Falo dos demostrativos masculinos *iste(s)*, *ise(s)* e dos imperativos *bibe*, *cume*. Nos dous casos a modificación do timbre ten un evidente valor morfolóxico e probablemente foi este un dos factores fundamentais que moveron ó cambio. De tódolos xeitos, así coma no caso dos imperativos creo que estamos claramente ante unha extensión analóxica, para os demostrativos non descarto un movemento inicial de índole puramente fonética.

Tal vez habería que contemplar aquí un subgrupo constituído por unha única unidade: *huxe*. Dígoo porque aparece nunha pequena zona incluída na área lucu-auriense e porque, coma os imperativos *bibe* e *cume*, tamén se coñece no veciño Portugal. A alteración de *huxe* non ten valor morfolóxico ningún. Pode estar producida por factores fonéticos (influencia da vocal final ou da consoante palatal) ou pode tal vez se-lo resultado dunha extensión analóxica do sufixo *-uxe*.

9.4. As preposicións *disde*, *dinde(s)* e *dindesde* presentan unha extensión xeográfica peculiar que as aparta dos outros casos. Espalladas en principio por todo o territorio galego e descoñecidas, ata onde eu sei, en Portugal, tenden a concentrarse en tres pequenas áreas máis ou menos compactas e de diferente extensión: unha no noroeste, outra no oeste e outra no sueste. Dá a impresión de que *disde* e *dinde* son alteracións motivadas por factores fonéticos: quizais a influencia de /-e/, tal vez unha disimilación. En *dindesde* temos, certamente, o resultado dun cruzamento de *dinde* e *desde*.

9.5. A extensión territorial de *nume* é tamen singular: vémosto non só polo sur de Galicia, senón tamén en moitas zonas de Portugal. É sen dúbida unha alteración antiga que, ó meu xuízo, pode explicarse como un cambio analóxico que tomou como modelo as terminacións doutros substantivos provenientes de antigos acusativos neutros terminadas en -EN: *lume* < LUMEN, *cume* < CULMEN, *legume* < LEGUMEN, *gume* < ACUMEN.

9.6. En definitiva, creo que a presenza de /-e/ inflúe na inflexión /é/ > /él/, aínda que non parece ser absolutamente imprescindible; na ditongación de /él/ condiciona o resultado do segundo elemento do ditongo. Nos demais casos analizados a súa influencia é discutible, especialmente, ó meu modo de ver, nos imperativos *bibe/cume* e no substantivo *nume*. De tódolos xeitos, se se opta por esta explicación haberá que aclarar por que non hai inflexión en *se-de*, *verde*, *torre*, *once*, *doce*, *trece*, *catorce*..., cuestión que, non o esquezamos, sería análoga á dos casos sen inflexión da vocal tónica cando se esperaríase que sobre ela actuase o /-o/ (port. /-u/) átono final (*invèrno*, *pòrco*, etc.). Outro dato que cómpre barallar é o do que, polo que eu sei, non se teñan documentado inflexións presuntamente producidas por /-e/ noutras zonas da Rumanía, aínda que é certo que este non pode de ningunha maneira considerarse un argumento definitivo en contra da explicación proposta por Álvarez Blanco.


9.7. Desde unha perspectiva estrictamente galega podemos dicir que, efectivamente, seis dos sete fenómenos estudados son sureños; a excepción é *disde, dinde(s), dindesde*. Ora ben, ampliando a perspectiva e considerando tódolos datos recadados neste traballo, temos que engadir inmediatamente que deses seis fenómenos hai cinco (exceptúase *iste*) que non van morrer na fronteira, senón que encontran continuidade polas terras setentrionais de Portugal, habitadas por unha poboación coa que sen dúbida a xente da Galicia meridional mantivo e mantén certos contactos, certa comunidade de vida. Naturalmente, esta comunidade de vida ten tamén outras manifestacións lingüísticas máis ou menos coñecidas mais que, en todo caso, non podo agora referir polo miúdo: mantemento da oposición entre fricativas apicais e predorsais xordas e sonoras; inexistencia da oposición fonolóxica b/v; mantemento da consoante africada palatal xorda sen fricativizar; resultados das terminacións latinas -ANAM, -ANAS, -ANEM, -ANES, -ANT, -ONEM, -ONES, -UNT; desenvolvemento dunha consoante nasal velar en posición explosiva medial intervocálica; plurais do tipo de *cereales* ou *mandiles*; pronome *che*; concomitancias na conjugación verbal regular e irregular; etc. É evidente que estes fenómenos teñen extensións territoriais diversas tanto en territorio galego coma portugués. Pero creo que o fondo da cuestión é sempre o mesmo: salvando os cortes lingüísticos que se producen como consecuencia de accións militares de conquista e asimilación ou por causa da extensión de variedades consideradas estándares ou oficiais, entre idiomas veciños xeneticamente emparentados non hai nunca fronteiras bruscas, senón transicións máis ou menos graduais.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso, D. (1962): “Metafonía, neutro de materia y colonización suditaliana en la Península Hispánica”, in *La fragmentación fonética peninsular*, Suplemento ó tomo I da *Enciclopedia Lingüística Hispánica*. Madrid: Centro Superior de Investigaciones Científicas, pp. 105-154. Reed. in D. Alonso (1972): *Obras Completas*. Vol. I: *Estudios lingüísticos peninsulares*. Madrid: Gredos, pp. 147-213.
- Álvarez Blanco, R. (1988): “Consideracións sobre a metafonía nominal galega”, in D. Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*. Tübingen: Instituto da Cultura e Lingua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, pp. 141-157.
- Boléo, M. de Paiva (1942): “O interesse científico da linguagem popular”. Separata da *Revista de Portugal* 3. Reproducido in: M. de Paiva Boléo (1974): *Estudos de Linguística Portuguesa e Românica*. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis, vol. I, 1, pp. 45-93. Cito por esta reprodución.
- Câmara, J. A. Mattoso (1979³): *História e Estrutura da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Padrão/Livraria Editora.
- Cintra, L. F. Lindley (1991): “Sobre o mais antigo texto não-literário português: a *Notícia de Torto* (leitura crítica, data, lugar de redacção e comentário lingüístico)”, *Boletim de Filologia* 31, pp. 21-77.
- Cornu, J. (1906²): *Grammatik der Portugiesischen Sprache*. Strassburg.
- Corominas, J. e Pascual, J. A. (1980/1983): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 5 vols. Madrid: Gredos.
- Costas [González], X. H. (1988): “As alteracións do /ε/ no suroeste galego”, *Verba* 15, pp. 385-391.
- Diez, F. (1874³): *Grammaire des langues romanes*. 3 vols. Paris: Librairie A. Franck. Reimpresión: Genève/Marseille: Skaktine/Laffite, 1973.
- Fernández Rei, F. (1982): “Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno”, *Grial* 77, pp. 257-296.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Rodríguez, M. (1969): “El habla de Goyán”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 24, 72, pp. 194-205.
- García de Diego, V. (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez. Ed. facsímil: Anexo 23 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela, 1984.
- González Seoane, E. (1992): *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. Tese de doutoramento. Microficha. Universidade de Santiago.
- Huber, J. (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. I. Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.
- Lausberg, H. (1970): *Lingüística románica*. 2 vols. Madrid: Gredos.
- Lima, M. Alves (1961/1962-1963): “Matosinhos. Contribuição para o estudo da linguagem, etnografia e folclore do concelho”, separ. da *RPF* 11 e 12. Coimbra: Casa do Castelo, 1963 [Distrito do Porto; contén 1 mapa].
- Lorenzo, R. (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI. (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Mariño Paz, R. (1991): *Estudio ortográfico, fonético e morfológico de textos do Prerrexurdimento galego*. Tese de doutoramento. Microficha. Universidade de Santiago.


- Martínez Salazar, A. (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña: Imprenta Casa de la Misericordia.
- Menéndez Pidal, R. (1980): *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*, 9ª ed. Madrid: Espasa-Calpe.
- Monteiro, M. de L. de Oliveira (1947): "Porto Santo. Monografía lingüística, etnográfica e folclórica", *RPF* 1, 2, pp. 340-390; 2 (1948), pp. 28-92; 3 (1949/1950), pp. 90-151.
- Nunes, J. J. (1989^o): *Compêndio de gramática histórica portuguesa. (Fonética e morfologia)*. Lisboa: Clássica Editora.
- Porto Dapena, J. A. (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Pousa Ortega, H. (1987): *A fala de Goián. Estudio descriptivo*. Tese de licenciatura (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Pousa Ortega, H. (1991): "O fenómeno da ditongación goiana. Características principais", in M. Brea e F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega/Universidade, vol. 1, pp. 403-417.
- Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego*. Anexo 4 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Santos, M. J. de Moura (1962-1963): "Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes", *Revista Portuguesa de Filologia* 12, pp. 509-565; 13 (1964-1965), pp. 65-261; 14 (1966-1968), pp. 213-415.
- Sarmiento, Fr. M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Sarmiento, Fr. M. (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Silva, R. V. Mattos e (1991): *O português arcaico: fonologia*. São Paulo/Bahia: Contexto/Editora Universidade Federal da Bahia.
- Silva, M. H. Santos (1962): "Características do falar minhoto", *BF* 20, pp. 309-321.
- Sobreira, Fr. J. (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio crítico por J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- Sponer, M. (1934): "Documentos antiguos de Galicia", *Anuari de l'Oficina Romanica de Linguística i Literatura* 7, pp. 113-192.
- Vasconcelos, J. Leite de (1901): *Esquisse d'une dialectologie portugaise*. Thèse pour le Doctorat de l'Université de Paris, Faculté des Lettres. Paris-Lisboa; Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, 1970²; Lisboa: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, 1987³. Cito pola edición de 1970.
- Vasconcelos, J. Leite de (1928/1929): *Opúsculos*. 4 vols. Coimbra: Imprensa da Universidade.
- Williams, E. B. (1938): *From Latin to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*. Philadelphia/London: Oxford University Press. Trad. ó portugués: *Do Latim ao Português*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro, 1961; 1975³.

MAPA 1




Área aproximada do fenómeno

MAPA 2




Mapas elaborados por H. Pousa Ortega a partir do material inédito do ALGA.

MAPA 3




MAPA 4




Mapas elaborados por H. Pousa Ortega a partir do material inédito do ALGA.

MAPA 5



As isoglosas de IL-EL, ISTE-ESTE foron trazadas por R. Álvarez Blanco a partir do material inédito do ALGA.

MAPA 6



Mapa elaborado no arquivo dialectal do ILGA a partir do material inédito do ALGA.